


## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/02/2019 12:15:20


SAIDA **1924/19**




Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 0112/2018**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.**

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 29 de setembro, que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 1 de outubro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 1 de outubro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo, unha solicitude de información presentada ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, referente ao financiamento que recibe a Universidade de Santiago de Compostela no Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, por captación de talento investigador, produción científica, teses de doutoramento defendidas, etc., das persoas en etapa predoutoral, en concreto canto recibe a dita universidade da parte variable dos indicadores relacionados directamente cos investigadores predoutorais e a que e se destinan estes recursos obtidos.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e copia do seu DNI.

**Segundo.** Con data 2 de outubro de 2018, déuselle traslado da documentación presentada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de outubro de 2018.

**Terceiro.** Con data do 2 de novembro de 2018, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo copia do expediente co seu correspondente informe no que, en síntese, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación manifesta o seguinte:

A información solicitada non pode obterse de xeito directo dun documento, conxunto de documentos, bases de datos ou aplicativo e a súa estimación de xeito indirecto é de imposible concreción, xa que aínda que no Plan de Financiamento existen diversos indicadores que fan mención aos investigadores predoutorais esa información non está desagregada e resulta imposible facelo de tal xeito que poida manexarse como un ítem independente de cálculo.

Respecto a que destina a universidade eses recursos, a única fonte de acceso a ese dato estaría na propia Universidade de Santiago de Compostela, e en calquera caso, debe indicarse ademais que non se concreta na solicitude de acceso a expresión do período sobre o que se pretende coñecer toda esta información.

**Cuarto:** Con data do 21 de novembro de 2018, solicitouse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, informe complementario de xustificación dos motivos polos que non poden coñecerse cal é o financiamento que recibe a Universidade de Santiago de Compostela a través do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, para investigación predoutoral.

**Quinto:** Con data do 2 de xaneiro de 2019, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o informe complementario solicitado no que en síntese, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional reitera que a información solicitada non pode obterse de xeito directo e a súa estimación de xeito indirecto é de imposible concreción, dado que aínda que no Plan de Financiamento existen diversos indicadores que fan mención aos investigadores predoutorais esa información non está desagregada.

Tras realizar un traballo de elaboración, a Consellería pode obter certa información desagregada no indicador PGFU-02. (Captación de talento investigador), advirtindo que este dato está referido unicamente a aqueles predoutorais captados en convocatorias ou programas competitivos e non a todos os matriculados nas universidades. De acordo co anterior, no cómputo para o plan no ano 2017 considérase que os ingresos obtidos pola Universidade de Santiago de Compostela para ese indicador son 1.356.810 €, dos 6.954.436 € asignados a dita Universidade por ese indicador.

Outro indicador que podería terse en conta é o PGFU-07, que mide o número de teses defendidas cada ano en cada universidade ponderado por cada 100 profesores. Nese caso o peso do indicador dentro do panel é do 2%. De acordo cos datos que se dispón son o 35,52 % das teses defendidas no Sistema Universitario de Galicia e supón un total de 425.213 €. Debe terse en conta en todo caso que se trata de cifras parciais e por tanto non comprenden toda



a información que se solicita, dado que ningún outro indicador do Plan exige recoller os datos desagregados dos estudantes predoutorais.

No referente ao destino deses recursos por parte das universidades, no caso de que puideran determinarse de maneira exacta, sería un dato que tería que solicitarse á Universidade de Santiago de Compostela.

Así mesmo no informe volve a reiterar que faltaría especificar o período sobre o que se pretende coñecer toda esta información.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina jurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

No presente caso, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional non resolveu expresamente, polo que debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O acceso á información regulado pola normativa estatal e autonómica en materia de transparencia, configura o dereito ao acceso á información pública como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información abrangue todo contido, documento ou parte dun documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma, así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, non permite subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

No presente caso, a información solicitada referíase ao financiamento que recibe a Universidade de Santiago de Compostela no Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, por captación de talento investigador, produción científica, teses de doutoramento defendidas, etc., das persoas en etapa predoutoral, e en concreto canto recibe a dita universidade da parte variable dos indicadores relacionados directamente cos investigadores predoutorais e a que e se destinan estes recursos obtidos.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no primeiro informe emitido comunica que a información solicitada non pode obterse de xeito directo e a súa estimación de xeito indirecto é de imposible concreción, dado que a información está contida en diversos indicadores e non está desagregada, sen que sexa posible a súa desagregación.

Como contestación á solicitude pola Comisión da Transparencia de emisión dun informe complementario, e tras realizar un traballo de elaboración, a Consellería comunica que pode atoparse certa información desagregada en dous indicadores advertindo que en todo caso que se trata de cifras parciais, e por tanto non comprenden toda a información que se solicita, dado que ningún outro indicador do Plan exige recoller os datos desagregados dos estudantes predoutorais.

Debe valorarse por esta Comisión, o esforzo realizado pola Consellería para poder ofrecer ao solicitante a lo menos, datos parciais da información solicitada, e considerar xustificada a imposibilidade de ofrecerlle a información completa.

É preciso lembrar que tanto nos casos nos que se conte coa información, como nos que unicamente se conte con información parcial, así como nos casos nos que non se conte coa información solicitada, a Administración ten a obriga de resolver expresamente a solicitude de acceso, resolución expresa que no presente caso non se ditou. A non resolución expresa da solicitude, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, pode dar lugar á súa consideración como infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

No referente á solicitude de información sobre o destino dos recursos por parte das universidades, que a consellería informa que sería un dato que tería que solicitarse á Universidade de Santiago de Compostela, debe lembrárselle que de conformidade co disposto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, a Consellería debería ter remitida esa consulta á dita Universidade, e informar desta circunstancia ao solicitante.

En canto a alegación da Consellería de que falta especificar o período sobre o que se pretende coñecer a información solicitada, considérase que está suficientemente especificado, xa que a solicitude de información refírese ao financiamento da Universidade de Santiago de Compostela en aplicación do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 que ten unhas datas fixadas de vixencia, pero en todo caso, si a consellería considera que non está identificada suficientemente a información, debería ter solicitado ao interesado a súa concreción, de conformidade co disposto no artigo 19.2 da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

#### **ACORDA**

**Único:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de información á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria referente ao financiamento que recibe a Universidade de Santiago de Compostela no Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020, por captación de talento investigador, produción científica, teses de doutoramento defendidas, etc., das persoas en etapa predoutoral.

**Segundo:** Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita ao solicitante a información parcial obtida e a xustificación da imposibilidade de remitirle a información completa, respectando os límites

dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.


Instar así mesmo á consellería a que remita, de conformidade co disposto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, a solicitude do interesado á Universidade de Santiago de Compostela a efectos de que esta institución lle informe sobre o destino dos referidos recursos.

**Terceiro:** Instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019.

A presidenta da Comisión da Transparencia

  
Comisión da  
transparencia  
de Galicia

Milagros Otero Parga